

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

**12610** *Real decreto 638/2021, do 27 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura.*

A explotación do transvasamento Texo-Segura está suxeita a unha regra cuxos criterios de aplicación e parámetros de control se establecen e definen na disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e no artigo 1 do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura.

Segundo dispoñen estas normas, en función das existencias conxuntas nos encoros de Entrepeñas e Buendía a comezos de cada mes establécense catro niveis mensuais conforme os cales se acordará a realización dos transvasamentos, cun máximo anual total de 650 hm<sup>3</sup> en cada ano hidrolóxico (600 hm<sup>3</sup> para o Segura e 50 hm<sup>3</sup> para o Guadiana).

Nivel 1. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan iguais ou maiores que 1.300 hm<sup>3</sup>, ou cando as achegas conxuntas entrantes a estes encoros nos últimos doce meses sexan iguais ou maiores que 1.200 hm<sup>3</sup>. Neste caso, o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 60 hm<sup>3</sup> ata o máximo anual antes referido.

Nivel 2. Darase cando as existencias conxuntas de Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 1.300 hm<sup>3</sup>, sen chegar aos volumes previstos no nivel 3, e as achegas conxuntas rexistradas nos últimos doce meses sexan inferiores a 1.200 hm<sup>3</sup>. Neste caso, o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 38 hm<sup>3</sup>, ata o máximo anual antes referido.

Nivel 3. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía non superen, a comezos de cada mes, os valores mostrados na táboa (valores en hm<sup>3</sup>):

Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
613	609	605	602	597	591	586	645	673	688	661	631

Neste nivel, denominado como de situación hidrolóxica excepcional, o órgano competente poderá autorizar discrecionalmente e de forma motivada un transvasamento de ata 20 hm<sup>3</sup>/mes.

Nivel 4. Darase esta situación cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 400 hm<sup>3</sup>; nese caso, non cabe aprobar ningún transvasamento.

Por outra banda, a disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, establece que, co único obxectivo de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións, minimizando a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3, sen modificar en ningún caso o máximo anual de auga transvasable, por proposta xustificada do ministerio competente en materia de augas e logo de informe favorable da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura, se poderán modificar, mediante real decreto, tanto o volume de existencias e o de achegas acumuladas recollidos no nivel 1 como os volumes de transvasamento mensual correspondentes aos niveis 1, 2, 3 e os volumes de existencias para cada mes correspondentes ao nivel 3.

Esta lei, que foi aprobada e sancionada en 2015, establece na súa disposición derogatoria que se manterá en vigor o Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, que entrara en vigor con anterioridade, o 1 de outubro de 2014.

Desde a entrada en vigor deste real decreto, a explotación do transvasamento Texo-Segura vén rexistrando tal frecuencia de situacións hidrolóxicas excepcionais (nivel 3) ou de ausencia de recursos transvasables (nivel 4), que en conxunto poden chegar a supoñer a metade do tempo de operación. Esta circunstancia, que desvirtúa o propio concepto de excepcionalidade, ten como consecuencia unha alta inestabilidade e unha grande irregularidade nos volumes transvasados.

En segundo lugar, desde que a nova regra entrou en vigor as achegas aos encoros de Entrepeñas e Buendía experimentaron un notable descenso e chegouse a rexistrar durante estes anos o peor ano hidrolóxico desde a entrada en servizo do transvasamento.

A combinación de ambos os factores –frecuencia de situacións hidrolóxicas excepcionais e desfavorable evolución hidrolóxica dos últimos anos– fai necesario modificar a regra de explotación para corrixir a inestabilidade na xestión do transvasamento Texo-Segura co obxectivo de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións e minimizar a presentación de situacións excepcionais.

O funcionamento da regra vixente pon de manifesto a conveniencia de actualizar e axustar os seus parámetros, de forma que a situación excepcional se presente con menor frecuencia e se restablezan as probabilidades de presentación con que inicialmente foi deseñada a regra. Esta circunstancia foi prevista, como xa se sinalou, pola Lei 21/2015, do 20 de xullo, que recolle a posibilidade de realizar cambios na maioría dos parámetros da regra mediante real decreto.

Os valores destes parámetros dependen, fundamentalmente, das condicións hidrolóxicas e dos usos da auga e requirimentos ambientais da cabeceira do Texo, actualmente establecidos no Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo, aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro. De acordo coa disposición adicional cuarta do citado real decreto, os plans hidrolóxicos que aproba deberán ser revisados novamente antes do 22 de decembro de 2021, para dar cumprimento ás previsións da disposición adicional décimo primeira, número 6, do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. Dado que aínda non se dispón da nova revisión do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo, a actualización que se realiza mediante este real decreto é necesariamente parcial, pois baséase exclusivamente na información hidrolóxica dispoñible.

Tras as análises realizadas, a modificación de parámetros que se considera máis adecuada consiste en reducir o volume de transvasamento no nivel 2, dos 38 hm<sup>3</sup>/mes vixentes a 27 hm<sup>3</sup>/mes, elevar o limiar de achegas acumuladas que define o límite entre os niveis 1 e 2 de 1.200 a 1.400 hm<sup>3</sup>, e manter o resto dos parámetros no seu valor actual.

Con estas dúas modificacións, tanto a probabilidade de incorrer en situacións hidrolóxicas excepcionais como a de non dispoñer de recursos transvasables redúcense a valores admisibles, co que se consegue unha maior regularidade nos envíos, á vez que se mantén un transvasamento medio anual similar á media dos volumes totais transvasados para abastecemento e regadío durante o período completo de funcionamento do transvasamento.

Desta forma, a actualización parcial da regra que se realiza mediante este real decreto permite acadar un compromiso razoable entre os volumes transvasados e a estabilidade das subministracións.

O soporte técnico de que se deducen xustificadamente as modificacións que se adoptan con esta norma expónse na «Nota técnica sobre a proposta de actualización parcial da regra de explotación do transvasamento Texo-Segura, do 20 de xuño de 2020, elaborada polo Centro de Estudos Hidrográficos do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas, CEDEX» publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no seu portal web [www.miteco.gob.es](http://www.miteco.gob.es).

O proxecto de real decreto adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Neste sentido, o principio de necesidade ten a súa razón de ser no interese xeral de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións a través do

acueduto Texo-Segura, minimizando a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3 mediante a aprobación da modificación dalgúns parámetros da regra de explotación do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro.

Pola súa parte, o principio de eficacia cúmprese coa aprobación da dita modificación mediante real decreto, ao ser o instrumento adecuado para iso, previsto desta forma na disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo.

Así mesmo, cúmprese o principio de proporcionalidade dado que se persegue un único obxectivo de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións, minimizando a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3, sen modificar en ningún caso o máximo anual de auga transvasable.

Respecto ao principio de seguridade xurídica, cómpre destacar que este real decreto ten por único obxecto a aprobación dunha modificación de dous parámetros das regras de explotación do acueduto Texo-Segura, e que se mantén inalterado o réxime xurídico de explotación vixente.

En relación co principio de transparencia, como xa se sinalou, durante a elaboración do proxecto a norma someteuse aos procesos de información e consulta públicas previstos na Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Por último, respecto ao principio de eficiencia, a aprobación desta norma non produce un incremento nas cargas administrativas.

En cumprimento do previsto no artigo 26.2 e 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de consulta pública, así como ao de audiencia e información pública. Así mesmo, o Pleno do Consello Nacional da Auga emitiu informe favorable sobre esta norma mediante procedemento escrito do 29 de abril de 2021, en virtude do previsto no artigo 20 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Así mesmo, solicitáronse os informes preceptivos previstos no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o informe competencial do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, así como os informes da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e o ditame do Consello de Estado.

Por outra banda, atendendo ao previsto na disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, a Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura emitiu informe favorable sobre esta norma, en sesión que tivo lugar o 23 de xullo de 2020.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido na disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, así como ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución, que indica que o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura.*

Dáselle nova redacción ao artigo 1 do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Reglas de explotación do transvasamento Texo-Segura.*

En función das existencias conxuntas nos encoros de Entrepeñas e Buendía a comezos de cada mes, establécense os seguintes niveis mensuais conforme os

cales se acordará a realización dos transvasamentos, cun máximo anual total de 650 hm<sup>3</sup> en cada ano hidrolóxico (600 hm<sup>3</sup> para o Segura e 50 hm<sup>3</sup> para o Guadiana).

Nivel 1. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan iguais ou maiores que 1.300 hm<sup>3</sup>, ou cando as achegas conxuntas entrantes a estes encoros nos últimos doce meses sexan iguais ou maiores que 1.400 hm<sup>3</sup>. Neste caso, o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 60 hm<sup>3</sup>, ata o máximo anual antes referido.

Nivel 2. Darase cando as existencias conxuntas de Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 1.300 hm<sup>3</sup>, sen chegar aos volumes previstos no nivel 3, e as achegas conxuntas rexistradas nos últimos doce meses sexan inferiores a 1.400 hm<sup>3</sup>. Neste caso, o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 27 hm<sup>3</sup>, ata o máximo anual antes referido.

Nivel 3. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía non superen, a comezos de cada mes, os valores mostrados na táboa (valores en hm<sup>3</sup>):

Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
613	609	605	602	597	591	586	645	673	688	661	631

Neste nivel, denominado como de situación hidrolóxica excepcional, o órgano competente poderá autorizar discrecionalmente e de forma motivada un transvasamento de ata 20 hm<sup>3</sup>/mes.

Nivel 4. Darase esta situación cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 400 hm<sup>3</sup>; nese caso, non cabe aprobar ningún transvasamento.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Lima o 27 de xullo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno  
e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,  
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ